



## **Criterios de avaliación dos méritos para acceso ó corpo de mestres de educación infantil e primaria, e profesores de educación secundaria, de escolas oficiais de idiomas, de música e artes escénicas e de artes plásticas e deseño establecidos polas Comisións de Baremación-2011**

### **I- EXPERIENCIA DOCENTE:**

#### CRITERIOS XERAIS

- Non se barema a experiencia docente:
  - o Como Bolseiro \*
  - o Como profesor invitado \*
  - o Como profesor visitante\*
  - o Os lectorados \*
  - o Auxiliar de conversación.

\* Agás que se presente un nomeamento no que se demostre a súa relación xurídica.

- Os **servizos prestados no estranxeiro** acreditaranse mediante certificados expedidos polos ministerios de educación dos respectivos países ou autoridades públicas competentes, no que deberán constar o tempo de prestación de servizos e o carácter de centro público ou privado, o nivel educativo e a materia impartida. Cando non se acredite o nivel educativo ou este non coincida co da convocatoria entenderanse como como servizos prestados en diferente nivel educativo. Os ditos certificados deberán presentarse traducidos ao castelán.
- Os servizos prestados en **conservatorios municipais** xustificaranse mediante certificación do Secretario do Concello, co visto e prace do Alcalde, na que conste a data de toma de posesión e cesamento e a especialidade.
- Os servizos prestados en **centros privados** xustificaranse mediante certificación do director do centro co visto e prace do Servicio de Inspección Técnica, na que conste data de toma de posesión e cesamento, especialidade e nivel educativo.
- Os servizos prestados na especialidade de **Relixión** barémanse no apartado 1.1. ou 1.2. segundo o corpo no que preste servizos.
- Os servizos prestados como mestre en **garderías** de acordo co Real Decreto 806/2006, do 30 de xuño, polo que se establece o calendario de aplicación da nova ordenación do sistema educativo, establecida pola Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de Educación, o primeiro ciclo de educación infantil implántase no ano académico 2008/2009 e puntúanse no apartado 1.3 ou 1.4. Xustifícase mediante certificación na que conste que se imparte educación infantil, co visto e prace do órgano competente (da igual que sexa Vicepresidencia, Familia ou Concello).
- **Preescolar na casa:** se o contrato é da Consellería de Educación puntúase no 1.1 ou no 1.2. Se se é de outro organismo no 1.3 ou 1.4. e na certificación constará o visto e prace da Inspección Técnica Educativa.
- Os servizos prestados en centros con **minorías étnicas** puntúanse no apartado 1.1 ou 1.2 (aínda que sexan servizos anteriores ás transferencias destas competencias).
- Os servizos prestados en centros penitenciarios puntúanse no epígrafe 1.1 ou 1.2 (aínda que sexan servizos anteriores ás transferencias destas competencias).

- Os servizos prestados en centros con ensinanza **EPA** puntúanse no apartado 1.1 ou 1.2 se o contrato é da Consellería de Educación. Se é de outro organismo puntúase no apartado 1.3 ou 1.4. e na certificación constará o visto e prace da Inspección Técnica Educativa.
- Os servizos prestados nas **universidades españolas**, xustificaranse mediante certificación da unidade de persoal ou nomeamentos e cesamentos acompañados do contrato. E os servizos prestados baremanse no epígrafe 1.4.
- Os servizos prestados como **profesor-titor da UNED** puntúanse no epígrafe 1.4.
- Ter en conta que non valen as follas de servizo sen asinar.
- Valen as follas de servizo certificadas polo Departamento territorial.
- No caso de disparidade no tempo traballado entre o contrato e o certificado, terase en conta o que exprese o menor tempo.
- Na experiencia docente os meses compútanse de 30 días.

**A) SERVIZOS PRESTADOS EN CENTROS PÚBLICOS DEPENDENTES DA CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN NESTA COMUNIDADE AUTÓNOMA OU NOUTRAS:**

**Ap. 1.1**

- Servizos prestados nunha especialidade do mesmo corpo ao que opta o aspirante (se oposita ó corpo 590 non se computarán os servizos prestados no corpo 591, 592, 593, 594, 595, 596 ou 597)

**Excepcións:**

No caso de que teñan prestados servizos nalgunha das especialidades que se relacionan por pares, os ditos servizos serán computados polo corpo/especialidade (no apartado 1.1 do baremo) no que se matricule o opositor.: 590004/592006, 590053/592009, 590010/592010, 590011/592011, 590009/595507, 590005/595516, 590105/595523.

**Ap. 1.2**

- Servizos prestados nunha especialidade de distinto corpo ao que opta o aspirante en centros públicos.

**B) SERVIZOS PRESTADOS EN CENTROS NON DEPENDENTES DA ADMINISTRACIÓN EDUCATIVA(OUTROS CENTROS):**

**Ap. 1.3**

Servizos prestados en especialidades do mesmo nivel educativo/etapa educativa noutros centros:

1. Considéranse para iso consideramos que hai os seguintes **niveis educativos/etapas educativas:**

- **Infantil e primaria**
- **Secundaria** (Profesores de ensino secundario e profesores técnicos de FP)
- **EOI**
- **Conservatorios**
- **Artes Plásticas e Deseño**

2. Consideramos servizos prestados noutros centros os seguintes:

- o Servizos docentes prestados en conservatorios municipais agás escolas de música municipais de Galicia que son ensinanzas non regradas.
- o En centros dependentes das Deputacións (Puga Ramón, Calvo Sotelo)

- Nas CECAs (sempre que o contrato non sexa realizado pola Consellería de Educación)
- En centros dependentes das Consellerías de Agricultura, Pesca... (sempre que o contrato non sexa realizado pola Consellería de Educación)
- Centros privados
- Centros no estranxeiro
- Escolas de música privadas (CEMU Profesional Mayeysis, CEMU Profesional Coppelia, CEMU Elemental Peleteiro, CEMU Profesional Obradoiro, CEMU Profesional RSE Amigos do País, CEMU Profesional Cantiga, CEMU Profesional Karl Nielsen, CEMU Profesional Martín Millán), sempre e cando se imparta ensinanzas regradas.

#### **Ap. 1.4**

Neste apartado barémanse os servizos prestados en especialidades de distinto nivel educativo/etapa educativa noutros centros: Universidade, centros no estranxeiro...

## **II- FORMACIÓN ACADÉMICA:**

### **Ap. 2.1- Nota Media**

- Para a obtención da nota media do expediente académico no título alegado, aplicaranse as seguintes equivalencias:

<b>Escala de 0 a 10 puntos</b>	<b>Escala de 0 a 4 puntos</b>
Aprobado e apto: 5 puntos	Aprobado: 1 punto
Ben: 6 puntos	Notable: 2 puntos
Notable: 7 puntos	Sobresaliente: 3 puntos
Sobresaliente: 9 puntos	Matrícula de honra: 4 puntos
Matrícula de honra: 10 puntos	

Baremo que se aplica:

<b>Escala de 0 a 10</b>	<b>Escala de 0 a 4</b>	<b>Baremo</b>
Dende 6.00 ata 7.50	Dende 1.50 ata 2.25	1.000 puntos
Dende 7.51 ata 10.00	Dende 2.26 ata 4.00	1.500 puntos

- As validacións non contan; Adaptacións: con nota, terase en conta esta. Non se terá en conta as calificacións do proxecto fin de carreira, tese de licenciatura ou análogas.
- Para calcular a nota media dun expediente académico non se terán en conta nin os créditos nin a convocatoria en que se aprobou a disciplina.
- No caso de aparecer cifra aritmética e letras nas certificacións académicas terase en conta a cifra aritmética.
- Se presenta dúas titulacións equivalentes e válidas para a súa baremación conforme ao previsto no apartado 2.1 do baremo, escóllese para puntuar neste apartado a máis favorable.
- Para os efectos de valoración do expediente académico do título alegado, os aspirantes que obteñan o título no estranxeiro, presentarán certificación expedida pola Administración educativa ou autoridade competente do país en que obtivo o título que indique a nota media deducida das cualificacións obtidas en toda a carreira e exprese ,

ademais a cualificación máxima e mínima que se poden obter, de acordo co sistema académico correspondente, para os efectos de determinar a súa equivalencia coas cualificacións españolas.

- No caso de que non se remita a certificación académica persoal e, no seu defecto, se presente fotocopia compulsada do título ou da certificación de aboamento dos dereitos de expedición, considerarase que o aspirante obtivo a nota media de aprobado. A non ser que o alegue na instancia, en cuxo caso haberá que requirir ao interesado para que remita copia da certificación académica.
- No caso de que excepcionalmente se permita acceder a oposición con unha titulación que non é a de carácter xeral para ese corpo non se lle pode baremar a nota media (exemplo un opositor ó corpo de PES que se lle permite participar con unha diplomatura, enxeñaría técnica ou arquitecto técnico non se lle pode puntuar a media do expediente académico. Igual pasa en Conservatorios, se se presenta a unha especialidade co título de Profesor do Plan do 66, ou en FP, se se presenta coa titulación de Técnico Especialista ou Técnico Superior).
- Cando ten o primeiro ciclo dunha carreira e pasa a un segundo ciclo doutra, para calcular a nota media tense en conta tódolos cursos feitos, incluídos o complementos de formación.
- Cando se ten unha diplomatura con título (Relacións Laborais, Mestre...) e despois accede a un segundo ciclo, a nota media calcúlase tendo en conta os complementos de formación-curso de adaptación (se ten) e o segundo ciclo. E non conta a Diplomatura no apartado 2.3.1.

#### **Ap. 2.2- Postgraos, Doutorados e premios extraordinarios**

- Barémase o Certificado-Diploma acreditativo de estudos avanzados(DEA) e a suficiencia investigadora.
- Título Oficial de máster regulados polo R.D. 56/2005, de 21 de xaneiro e o Decreto 51/2006, do 23 de marzo.
- Os títulos de máster antigos, de estar relacionados coa especialidade, van ao apartado 2.5.

#### **Ap. 2.3- Outras titulacións de carácter oficial**

- No apartado 2.3.1, baremarase cada titulación de primeiro ciclo (diplomatura, enxeñaría técnica, arquitectura técnica ou títulos declarados legalmente equivalentes e o primeiro ciclo dunha licenciatura, arquitectura ou enxeñaría) distinta da alegada polo aspirante para o ingreso no corpo.
- No caso de aspirantes a corpos de funcionarios docentes de secundaria, non se valorará polo punto 2.3.1 o 1º ciclo do título de licenciado, enxeñeiro ou arquitecto que alegue o aspirante para o ingreso no corpo.
- No apartado 2.3.2, barémase cada titulación de segundo ciclo (licenciatura, enxeñaría, arquitectura ou títulos declarados legalmente equivalentes) distinta da alegada polo aspirante para o ingreso no corpo.
- Se se ten complementos de formación ou curso ponte na segunda licenciatura considerase que o primeiro ciclo é común e polo tanto non se lle puntúa.
- Nas especialidades de secundaria nas que se permita presentar cunha titulación de primeiro ciclo (Diplomado, Arquitecto Técnico ou Enxeñeiro Técnico), se o opositor ten ademais a titulación de segundo ciclo (Licenciado, Arquitecto ou Enxeñeiro), non se lle pode puntuar a titulación de segundo ciclo no apartado 2.3.2.

- Non se puntúan títulos/diplomas propios das universidades, nin títulos de especialista. (De estar relacionados coa especialidade pódense contar no apartado 2.5)

#### **Ap. 2.4- Titulacións de réxime especial**

- Non se barema o título de Técnico Especialista.
- Non se valorarán as da formación profesional específica, no caso de ser as alegadas como requisito para ingreso na función pública docente ou, no seu caso, se foran necesarias para a obtención do título alegado.
- Se o opositor ten unha enxeñería técnica e un ciclo formativo de grao superior, deberá xustificar (so cando o ciclo sexa anterior ó título) que ten feito o bacharel para que se lle poida puntuar o título de técnico superior de formación profesional. E a nota media do expediente académico faise da enxeñería técnica.
- No epígrafe 2.4.A refírese ao Grao Medio de música ou danza(Título de Profesor do Plan do 66, Título Grao Medio da LOXSE). O Grao Superior(Título de Grao Superior do Plan do 66, Título de Grao Superior LOXSE, e o Título Profesional do Plan do 42) contaríase no apartado 2.3.2 coma unha licenciatura, sempre e cando non foran alegados para o ingreso no corpo.
- No epígrafe 2.4.B refírese ao Certificado de nivel avanzado, Certificado de Aptitude ou Ciclo Superior das EOI's.(O Ciclo Elemental non se barema)
- O Certificate of Proficiency in English(C.P.E.), Zertifikat Deutsch für den Beruf(ZDfB), C.F.P(francés), para que se poidan baremar no apartado 2.4.b, teñen que estar homologados polas administracións educativas.

#### **Ap. 2.5- Formación permanente**

- Cóntanse os **cursos**, xornadas, simposiums... **superados** relacionado coa especialidade que se opta ou coa organización escolar, as novas tecnoloxías aplicadas á educación, a didáctica, a psicopedagogía ou a socioloxía da educación, cursos de galego e as súas validacións(cóntanse en tódalas especialidades agás nos que se presenten á especialidade de lingua galega), cursos do Instituto de Idiomas, cursos de Radio ECCA, temas transversais: educación para o consumo, drogas, paz e multiculturalidade, educación ambiental e para a sustentabilidade, igualdade de sexos, educación vial, educación para a saúde, educación para o lecer(radio, prensa,...), cursos de informática, cursos de competencias básicas, convocados por administracións públicas con plenas competencias educativas (Consellería de Educación, consellerías de educación doutras comunidades ou MEC) ou por universidades, ou actividades incluídas no plan de formación permanente organizados por entidades colaboradoras coas administracións educativas, ou cursos recoñecidos ou homologados polas anteditas administracións públicas con plenas competencias educativas.
- Non se baremarán os cursos recoñecidos ou homologados polas universidades.
- Non se fai diferenza entre Universidades Privadas e Públicas.
- Consideranse cursos expedidos pola Universidade todos aqueles que teñan o anagrama e selo da Universidade, e que teñan a sinatura do reitor/a, vicereitor/a, decano/a, vicedecano/a, secretario/a, xefe/a do departamento ou profesor/a que actúa en representación da universidade.

- De conformidade co artigo 6 da Orde do 11 de novembro de 1998, as equivalencias entre distintos cursos e probas de lingua galega terán a mesma consideración legal que os cursos presenciais de iniciación e perfeccionamento.
- Non se baremará estar en posesión dos certificados de lingua galega (Celga) posto que non son cursos de formación.
- Os cursos de galego valen tanto os expedidos pola Dirección Xeral de Política Lingüística da consellería de Educación, coma os expedidos pola secretaria xeral de Política Lingüística da Presidencia da Xunta de Galicia.
- Non se valorará o curso de aptitude pedagóxica CAP (agás no corpo de mestres que se terá en conta no apartado 2.5.A), nin as titorías do CAP nin as titorías de profesor en prácticas.
- Exclusivamente para o corpo de profesores de música e artes escénicas e para a especialidade de música do corpo de mestres e do corpo de profesores de educación secundaria, valoraranse os cursos organizados polos conservatorios de música dependentes das administracións públicas con plenas competencias educativas (Consellería de Educación, consellerías de educación doutras CC.AA. ou o MEC). Polo tanto non se bareman os cursos dos conservatorios de música municipais, escolas de música municipais ou privadas.
- Non se puntúan os cursos que teñan como finalidade a obtención dun título académico.
- Non valen os cursos autorizados, en colaboración, patrocinados, subvencionados, subsidiados ou auspiciados polas administracións educativas.
- Os cursos que figuren en créditos e en horas, prevalece o crédito.
- Aos efectos deste subapartado, sempre que cumpran os requisitos especificados, poderanse acumular os cursos non inferiores a dous créditos (cursos entre 20 e 29 horas), puntuándose cada dous cursos con 0.2000 puntos.

### III- OUTROS MÉRITOS:

#### **Ap. 3.1- Participación ou coordinación en grupos de traballo...**

- Aquí vai a **participación ou coordinación** en grupos de traballo, proxectos de investigación e innovación educativa, seminarios permanentes, plans de mellora, proxectos especiais de centros, programas europeos Sócrates, Rede galega de centros de calidade, proxectos de formación en centros e actividades análogas convocadas pola Consellería de Educación ou as Consellerías de Educación doutras comunidades autónomas ou o Ministerio de Educación e ciencia.
- A participación ou coordinación **non ten porque ter vinculación coa especialidade** á que se presente o opositor.
- Non valen os proxectos de investigación de Universidades.

#### **Ap. 3.2- Por cada curso de formación permanente e perfeccionamento.**

- Barémanse os cursos de formación (ou modalidades de formación asimiladas a curso: congresos, xornadas, encontros, simposio, ..superados relacionados coa especialidade á que se opta ou coa organización escolar, as novas tecnoloxías aplicadas á educación, a didáctica a psicopedagogía ou a socioloxía da educación, cursos do Instituto de Idiomas, cursos de Radio ECCA, temas transversais: educación para o consumo, drogas, paz e multiculturalidade,

educación ambiental e para a sustentabilidade, igualdade de sexos, educación vial, educación para a saúde, educación para o lecer(radio, prensa,...), cursos de informática, cursos de competencias básicas convocados por administracións públicas con plenas competencias educativas (Consellería de Educación, consellerías de educación doutras CC.AA. ou o MEC) ou por universidades, ou actividades incluídas no plan de formación permanente organizados por entidades colaboradoras coas administracións educativas ou cursos recoñecidos ou homologados polas anteditas administracións públicas con plenas competencias educativas, sempre que sexan **inferiores a dous créditos ou tamén superiores no caso de horas impartidas.**

- Non se bareman os cursos recoñecidos ou homologados polas universidades.
- Non se fai diferenza entre univesidades públicas e privadas.
- Consideramos cursos expedidos polas universidades todos aqueles que teñan o anagrama e cuño da universidade, e que teñan a sinatura do reitor/a, vicereitor/a, decano/a, vicedecano/a, secretario/a, xefe/a do departamento ou profesor/a que actúa en representación da universidade..
- Exclusivamente para o corpo de profesores de música e artes escénicas e para a especialidade de música do corpo de profesores de educación secundaria e do corpo de mestres, valoraranse os cursos organizados polos conservatorios de música dependentes das administracións públicas con plenas competencias educativas (Consellería de Educación, consellerías de educación doutras CC.AA. ou o MEC) e polo tanto non se baremarán os cursos dos conservatorios de música municipais ou privadas.
- Non se puntúan os cursos que teñan como finalidade a obtención dun título académico
- Non valen os cursos autorizados, en colaboración, patrocinados, subvencionados, subsidiados ou auspiciados polas administracións educativas.
- Os cursos que figuren en créditos e en horas, prevalece o crédito.
- Tanto nos cursos recibidos coma nos impartidos as horas son acumulables.
- Os cursos recibidos que computan en horas, consideramos cada 10 horas coma 1 crédito, e desbotase o resto.
- Os cursos impartidos que computan en horas, consideramos os múltiplos de 5 e desbotase o resto.

### **Ap. 3.3- Publicacións**

- As traducións de libros non se bareman.
- As publicacións que non consignent o ISBN ou o ISSN, en virtude do disposto no Decreto 2984/1972, do 2 de novembro, non serán valoradas.

### **Ap. 3.4- Composicións e grabacións**

- Só se baremarán as composicións e grabacións que acrediten e leven impreso o número de depósito legal.

**NON SE COMPUTARÁN EN NINGÚN APARTADO:**

- O CAP(agás para o corpo de mestres, no que se barema no apartado 2.5.a)
- Becas
- Prácticas/estadías en Universidades, empresas...

### **Os presidentes das comisións**

**José Luís Canosa Baldomir**

**José Fernandez García**